

DOCUMENTO TÉCNICO EN GALEGO

PARA

UNIDADE DIXITAL DE MATEMÁTICAS: BLOQUE DE XEOMETRIA PLANA

NO MOBILIARIO URBANO

PARA 1º CICLO DE ESO

MATERIAIS ELABORADOS POR DOLORES PILAR GARCÍA AGRA

DURANTE UNHA LICENZA DE FORMACIÓN PARA O CURSO 2014/2015

Os materiais elaborados durante a licenza de formación para o curso 2014/2015 entréganse nun CD.

Na carpeta “**exlearning**” atópanse cinco arquivos distintos. O titulado

0-Xeometría plana, é o arquivo no cal deben fusionarse os outros 4 arquivos na orde de numeración. Este arquivo é o que leva todas as características do proxecto: autora, licenza etc. Os demais arquivos non levan estas características, para que ao fusionalos non aparezan duplicados

Un arquivo **elp** de cada unha das secuencias. É o arquivo orixinal no que foron creadas. É necesario ter instalado Exelearning para poder visualizalos. Permiten modificar todos os elementos das unidades e crear n paquetes SCORM e IMS con ditas modificacións, para poder implementalos nunha aula virtual.

Na carpeta “**applets_geogebra**” atópanse os arquivos **ggb** asociados a cada un dos applets geogebra que aparecen nas unidades elaboradas. Para editalos é necesario ter instalado Geogebra. Pódense incorporar a unha secuencia Exelearning mediante o idevice “Applet de java”, ou o idevice “página web”.

Na carpeta “**EdiLim**” atópanse os arquivos **lim** asociados a cada un dos applets EdiLim que aparecen ao final de cada tema. Para editalos é necesario ter instalado EdiLim.. Ademais dos arquivos lim, pódense atopar as imaxes empregadas como fondos e obxectos para cada applet.

Na carpeta “**imaxes**” atópanse todas as imaxes orixinais elaboradas para a unidade, así como todas as fotografías realizadas e que van incorporadas na unidade como elementos de traballo